

¡Valle por Deus!

Anxo Tarrío Varela

Despois de case un ano sen contacto cos meus lectores, quería eu saír ao paso do asunto ese de Don Ramón que tanto está a alporizar a escena galega. E non me refiro á escena teatral galega soamente senón, *tout court*, á escena galega a secas.

Que a normalización da nosa cultura, e moi principalmente da lingua, é un asunto de primeira orde, a estas alturas resulta unha verdade de Xandasbolas. Todos os esforzos que se fagan con sentidiño para iso merecen moito respecto e todo o apoio. Pero precisamente porque estamos a unha altura dende a que podemos contemplármonos a nós mesmos para ver canto levamos avanzado en comparación coa pobreza do panorama de hai tan só quince anos, é polo que temos que empezar a botar unha mirada cara a fóra, cara a aquelas culturas do arredor que nos están a mirar un pouco con certa solidariedade, outro pouco con curiosidade, quizais nalgún caso con simpatía e, dende logo, por parte das instancias máis encoiradas do pensamento único, cunha xenreira que nin paga a pena glosar aquí.

Por iso coida este opinador que co asunto de Valle e da representación da súa obra na lingua orixinal na que el a escribiu quizais están a se producir reaccións desproporcionadas que en nada benefician e si moito prexudican a imaxe que nestes últimos anos fomos conquistando con esforzo e a contrafío de todos os obstáculos. Reaccións tan só comparabeis, na súa porción de intolerancia, coa actitude da familia Valle e, no seu complexo de periferia, aínda que de signo contrario, co exceso de polémicas e de fastos a que deron e seguen a dar lugar os cativiños, por máis que simpáticos, *Seis poemas galegos* de García-Lorca-Blanco-Amor-Guerra Dacal, ou as non mellores *Sete (e pico) Cantigas de Alén* (a paréntese é miña) de José Ángel Valente.

Semella que andamos a deitar pola borda os tesouros adquiridos. Porque ¿de verdade non temos outras cousas máis urxentes nas que nos ocupar? ¿É necesario gastar os esforzos, o tempo e a símboloxía en facer crer á xente que a nosa cultura é tan feble que un pequeno suspiro de Valle-Inclán pode derrubar todo o estaribel que montamos? ¿Ou que necesitamos airear tanto esas trece cantigas (e pico) para sermos alguén literariamente? Servidor non o cre, porque xa temos unha literatura forte e un teatro que empeza a selo. Proporcióñennos en galego, por favor, os grandes clásicos e contemporáneos de linguas que descoñecemos ou que coñecemos tan só pola tona. Gasten as súas enerxías en mellorar o teatro galego-galego. ¡Pordeus! Non nos estraguen en salvas a pólvora que tanto necesitamos para abrir a canteira propia. E deixen a Valle, a quen non

debemos renunciar, co seu magnífico castelán-galego, esa lingua única que, por feliz privilexio, tan ben comprendemos os galegos e, de seguro, no fondo, tan só os galegos.